

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

. INDICE		Páxina	
1	<b>INTRODUCCIÓN</b>	2	
2	<b>CONTEXTO</b>	3-4	
	Características do centro e do alumnado.		
	Obxectivos adaptados ao contexto		
3	<b>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	5-6	
4	<b>SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS</b>	7-36	
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos		
5	<b>RELACIONAR PARA CADA UNIDADE:</b>	37-74	
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares		
	Grao mínimo de consecución		
	Peso na cualificación		
	Instrumentos de avaliación		
	Temas transversais		
6	<b>METODOLOXÍA DIDÁCTICA:</b>	75--77	
	Estratexias metodolóxicas		
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos		
7	<b>AVALIACIÓN</b>	78-82	
	<b>Avaliación inicial</b>		
	Procedemento para a avaliación inicial		
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)		
	<b>Avaliación continua</b>		
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar		
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.		
	Elaboración da nota media		
	Recuperación dunha proba ou exame		
	Recuperación dunha avaliación		
	<b>Avaliación final (ESO- BACH)</b>		
	Quen debe ir á avaliación final?		
	En que consistirá a proba?		
	Que estándares se van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...		
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?		
	Que criterios segue o centro para a promoción?		
	<b>Avaliación extraordinaria (ESO- BACH)</b>		
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita		
	<b>Materias pendentes de cursos anteriores</b>		
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.		
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.		
	8	<b>OUTRAS AVALIACIÓNS</b>	83-84
		<b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>	
Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino			
Indicadores de logro da práctica docente			
<b>Avaliación da programación didáctica</b>			
Indicadores de logro sobre a programación didáctica			
9	<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	85-86	
	Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares		
	Medidas extraordinarias: Organizativas e curriculares		
10	<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	87	
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.		
11	<b>DATOS DO DEPARTAMENTO</b>	87	
12	<b>RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)</b>		

## 1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental na nosa materia é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, é dicir, garantir que, ao final desta etapa educativa, o alumnado sexa quen de dominar as destrezas instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir), de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional, que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa capaz de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

Segundo o Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato: *A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo(...) No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio.*

Pero por outra banda non debemos esquecer, tal e como sinala o Decreto, que:

*Non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.*

En resumo e seguindo o Decreto 86/2015, *a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.*

A presente programación do curso 2019/20 baséase na seguinte lexislación:

-LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

-REAL DECRETO 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

-DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

-RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-ORDEN ECD/65/2015, del 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

-DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

## 2. CONTEXTO

### 2.1.- Contexto do centro

#### \* Características do centro:

##### Situación

O CPI de Cervantes é un centro educativo situado na vila de San Román, a capital do concello, e que forma parte da comarca dos Ancares. A poboación é moi reducida e dispersa. O Concello ten 1294 habitantes (censo 2019) distribuídos en 21 parroquias. O CPI conta con 17 profesores, dous deles itinerantes e tres medias xornadas, ademais de 30 alumno/as distribuídos entre Educación Infantil (8), E. Primaria (13) e E. Secundaria (9)

##### Características singulares

É un centro rural onde nalgúns casos o alumnado percorre longos traxectos en autobús por estradas de montaña co risco que iso supón, risco que se ve incrementado cando as condicións meteorolóxicas non son favorables (neve, risco de xeo) e que acontece moitas veces ao longo do ano.

#### \* Características do alumnado:

.....

##### Lingua materna dominante

A lingua galega é a lingua materna do noso alumnado. Viven nunha zona rural e practicamente o 99% do alumnado é galegofalante. Galegofalantes dentro e fóra das aulas.

##### Alumnado con NEAE no curso actual

Actualmente na ESO hai algún alumno que debido ás súas dificultades de aprendizaxe recibe reforzo educativo por parte da profesora de PT do centro.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Non se produce ningún destes tipos de problemas sociais, en tal caso é resaltábel a soidade que algúns nenos teñen nas súas parroquias, ao non haber poboación suficiente e ter que relacionarse soamente cos familiares ou persoas maiores. Nese sentido o centro actúa como axente socializador, como lugar de encontro e de lecer.

##### Outras características

## 2.2- Obxectivos ( adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

### OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

1	Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais ; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	Fortalecer a súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
5	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, texto e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
11	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
12	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para po manter a nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

#### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: (CCL)**

A área de Lingua e Literatura constitúe o ámbito privilexiado para conseguir o desenvolvemento pleno do dominio da lingua oral e escrita nun amplo abano de contextos.

#### **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS: (CSC)**

A utilización de textos de diferentes tipos e a participación en situación de comunicación diversas permite desenvolver os coñecementos, habilidades e actitudes propias desta competencia, posto que posibilita á aproximación crítica á realidade, o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, a adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais, a mellora na convivencia e o emprego da negociación para chegar a acordos.

#### **COMPETENCIA DIXITAL: (CD)**

Esta competencia ten na nosa área dúas dimensións que se complementan. A primeira é a utilización de ferramentas en soportes variados, que lle permitan ao alumnado mellorar as súas habilidades e obter información sobre esta área: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións... A segunda refírese ao carácter de ferramenta para enfrontarse á cantidade de información de que se dispón, permitindo adquirir os coñecementos para seleccionar, analizar críticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

#### **COMPETENCIA PARA A CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS: (CCEC)**

Esta competencia supón nesta área comprender, apreciar, valorar e crear producións literarias. Pero tamén coñecer e valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

#### **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER: (CAA)**

A contribución da nosa área ao desenvolvemento desta competencia supón os seguintes aspectos: o perfeccionamento da lectura comprensiva, a organización das ideas mediante resumos e esquemas, a interpretación correcta das información lingüísticas dos dicionarios e a valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

## **COMPETENCIA PARA O SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR: (CSIEE)**

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través de : a intervención en situación de comunicación reais ou simuladas; a participación en obradoiros de escrita; a lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade; o uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a orientación lectora, o fomento da autoestima lingüística; a localización e selección de información; a utilización da linguaxe como ferramenta para a análise de problemas, a elaboración de plans e a toma de decisións.

## **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA: (CMCCT)**

Esta competencia supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade (lectura de mapas, comentario de gráficas, interpretación de estatísticas...).

## 4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

### 4.2. 2º DE ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	1	Setem/ Out.	12	
		B1.4	Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.				
		B1.8	Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.				
		B1.10	Construcións de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.1	Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.				
		B2.3	Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).				
		B2.7	Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.				
		B2.12	Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A casa por dentro.				
		B3.2	A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.				
		B3.5	Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.				
		B3.7	Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.				
		B3.8	Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.				
		B3.12	Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
B4.1	Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.						

--	--	--	--	--	--	--	--

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	2	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	2	Out./ Nov.	12	X
		B1.8	Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.1	Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.				
		B2.9	Produción, en formato papel ou dixital, de textos escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A alimentación.				
		B3.2	A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.				
		B3.7	Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.				
		B3.8	Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.1	Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.1	Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.				
		B5.3	Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.				
		B5.6	Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.				
		B5.7	Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	3	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	3	Nov./ Dec.	11	X
		B1.8	Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.				
		B1.9	Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.1	Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.				
		B2.2	Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.				
		B2.7	Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.				
		B2.12	Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A diversidade social e cultural e a paz.				
		B3.5	Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.				
		B3.7	Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.3	A lusofonía.				
		B4.4	Situación sociolingüística do galego.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.1	Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.				
		B5.3	Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	4	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	4	Xan.	9	
		B1.5	Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.8	Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A música.				
		B3.4	Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.5	Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
B5.2	Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.						
B5.5	Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxénero, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
2ª Avaliac	5	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	5	Febr.	12	X
		B1.3	Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.				
		B1.7	Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. O noso contorno.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.2	O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
2ª Avaliac	6	<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>	6	Marzo	11	X
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A radio e a televisión.				
		B3.9	Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.				

A unidade 4 inclúe tamén estes contidos, que non aparecen aquí por estaren repetidos. O mesmo acontece coas unidades 5 e 6.

Unidade 4: B1.5, B1.8, B2.1, B2.8, B3.4, B3.5, B4.5, B5.1, B5.2, B5.5, B5.7.

Unidade 5: B1.3, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B2.1, B2.2, B2.9, B2.12, B3.5, B3.7, B4.2, B5.1, B5.3.

Unidade 6: B1.3, B1.8, B1.10, B2.1, B2.2, B2.7, B2.8, B2.9, B3.5, B3.9, B4.1, B4.2.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probos avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac	7	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	7	Marzo/ Abril	12	
		B1.1	Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.5	Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.				
		B2.6	Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. O cine e o teatro.				
		B3.6	Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.				
		B3.10	Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
B5.9	Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probos avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac	8	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	8	Maio	11	X
		B1.6	Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.				
		B1.7	Coñecemento e aplicación, coa axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. O parentesco.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.4	Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.				
B5.6	Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade						

		dos recursos retóricos.				
	B5.8	Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Bloque	Contido		Mes	Sesións		
3ª Avaliac	Tema / U.D.	<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>	9	Maio/ Xuño	9	X
		B2.4	Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente os instrutivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.				
		B2.11	Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
	9	B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. O tempo cronolóxico.				
		B3.3	Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.				

A unidade 7 inclúe tamén estes contidos, que non aparecen aquí por estaren repetidos. O mesmo acontece coas unidades 8 e 9.

Unidade 7: B1.3, B1.8, B1.10, B2.1, B2.9, B2.12, B3.9, B4.3, B5.1.

Unidade 8: B1.8, B1.9, B2.1, B2.7, B3.5, B3.6, B3.9, B3.12, B4.6, B5.4, B5.5, B5.6, B5.8.

Unidade 9: B1.9, B1.10, B2.1, B2.2, B2.12, B3.5, B3.9, B4.6, B5.1, B5.3.

## 4. Secuenciación e temporalización dos contidos 4º ESO

### 4.4. 4º DE ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Bloque	Contido			Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	Tema / U.D.	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>		1	Set./ Out.	12
		B1.12	Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.1	Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.				
		B2.4	Comprensión e interpretación de textos argumentativos.				
		B2.5	Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.				
		B2.12	Produción, en formato papel ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.				
		B2.13	Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. As viaxes.				
	B3.7	Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.					
	B3.8	As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.					
	<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>					
	B4.4	Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución..					
	<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>					
	B5.1	Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Galicia entre 1916 e 1936. Ramón Cabanillas.					
	B5.2	Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Galicia entre 1916 e 1936. Ramón Cabanillas.					
	B5.3	Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	2	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	2	Out./ Nov.	12	X
		B1.12	Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.1	Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.				
		B2.4	Comprensión e interpretación de textos argumentativos.				
		B2.5	Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.				
		B2.8	Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.				
		B2.9	Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. O urbanismo e a construción.				
			A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.				
		B3.6	Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.				
		B3.7	Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.				
		B3.8	As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.				
		B3.11	Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.4	Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.1	Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Os tempos do Grupo Nós. Castelao, Risco e Otero Pedrayo.				
		B5.2	Selección, lectura autónoma e comentario de obras				

			representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Os tempos do Grupo Nós. Castelao, Risco e Otero Pedrayo.				
		B5.3	Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.				
		B5.6	Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.				
Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	3	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	3	Novem /Dec.	11	X
		B1.12	Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.1	Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.				
		B2.9	Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).				
		B2.10	Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.				
		B2.11	Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A administración pública e a cidadanía.				
		B3.6	Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.				
		B3.8	As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.4	Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.1	Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. As vangardas e a Xeración de 1922. Manuel Antonio e Rafael Dieste.				
		B5.2	Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. As vangardas e a Xeración de 1922. Manuel Antonio e Rafael Dieste.				
		B5.3	Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.				

		B5.6	Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.				
--	--	------	---	--	--	--	--

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	4	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>	4	Xan.	10	
		B1.1	Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.				
		B1.4	Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.				
		B1.5	Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.				
		B1.11	Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.				
		B1.12	Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.2	Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. Utensilios de cociña e electrodomésticos.				
		B3.10	Identificación da estrutura dun texto, a construción de parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.2	O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.1	Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Galicia na Guerra Civil e na ditadura (1936-1975). Literatura do exilio.				
B5.2	Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Galicia na Guerra Civil e na ditadura (1936-1975). Literatura do exilio.						
B5.3	Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.						

	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
2ªAvaliación		B1.9	Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.	5	Febr.	11	X
		B1.10	Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.				
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>				
		B2.14	Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A xustiza.				
		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.5	Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.				
		<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
	B5.1	Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Narrativa de posguerra. Novas voces na narrativa.					
	B5.2	Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Narrativa de posguerra. Novas voces na narrativa.					
	B5.3	Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.					
	5						

		B5.6	Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.				
Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	6	B3	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>	6	Marzo	10	X
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. A descrición do carácter.				
		B4	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.3	A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.				
		B4.6	Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.				
		B5	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
		B5.1	Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. A poesía galega durante a ditadura. Celso Emilio Ferreiro.				
		B5.2	Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. A poesía galega durante a ditadura. Celso Emilio Ferreiro.				
		B5.3	Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.				
		B5.6	Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.				

A unidade 4 inclúe tamén estes contidos, que non aparecen aquí por estaren repetidos. O mesmo acontece coas unidades 5 e 6.

Unidade 4: B1.12, B2.1, B2.11, B3.6, B3.8.

Unidade 5: B1.4, B1.11, B1.12, B2.1, B3.6, B3.8, B3.10.

Unidade 6: B1.1, B1.4, B1.9, B1.11, B1.12, B2.1, B2.10, B2.14, B3.6, B3.8, B3.10.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	7	B2	<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.</b>	7	Marzo/ Abril	11	
		B2.13	Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.				
		B3	<b>BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</b>				
		B3.1	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. O comercio.				
		B4	<b>BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</b>				
		B4.7	Situación sociolingüística e legal das linguas de España.				
		B5	<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
